

## Roteiro polos Ancares Quintá - Río Donsal (Becerreá)



Este roteiro descorrerá por fermosas paisaxes dos Ancares, nas que aínda se conserva un rico patrimonio cultural asociado a diversas lendas populares. O punto de partida será a aldea do Couso (800 m). Baixando cara ao val e bordeando o monte O Aguillón chégase a Quintá da Cancelada, que conta con interesantes elementos etnográficos. Continuando cara ao Teso das Táboas, o sendeiro lévanos pola Fraga de Valiñas e o souto do Carballal. Cruzando o río Donsal (afluente do Navia) pásase pola aldea de Sevane, na que destacan tamén algunhas construcións tradicionais, unha antiga mina, unha minicentral e unha ferverza en escada. O ascenso dende o río á aldea de Buisán lévase a cabo entre unha rica vexetación aderezada con algúns muíños e ouriceiras. Pasando pola aldea de Arroxiña, descéndese de novo ao río Donsal a través dun camiño con fermosas vistas do val do río Navia. Tas cruzar o río chégase á aldea de Cabana, na que finaliza o roteiro.

16-18 km de dificultade media

COLABORA: ASOCIACIÓN “CASTAÑO Y NOGAL” DE QUINTÁ DE CANCELADA

**DOMINGO, 28 de ABRIL de 2013**

Xeral.....	15 €
Estudantes, xubilad@s e no paro.....	12 €
Soci@s.....	10 €
Ata Ata 17 anos.....	5 €

**O autobús sairá de diante da Facultade de Formación do Profesorado ás 9.00 h.**  
Imprescindible anotarse chamando ao **679113718** ou ao **982240299**.

**Leva roupa e calzado axeitados e comida para o camiño. O bo humor é cousa de tod@s**




### PRÓXIMOS ROTEIROS DE ADEGA LUGO

26 Maio: Xove (Pena do Fraire-Tesouros Ceranzos)

23 Xuño: Allariz (Santa Mariña de Augas Santas)

+info: [www.adega.info](http://www.adega.info) ou [roteirosadegalugo.blogaliza.org](http://roteirosadegalugo.blogaliza.org)

### MAPA DA RUTA:



### PERFIL DA RUTA:

